

Folla inscrición

Enviar a folla de inscrición cuberta por mail
[prazos limitadas, por rigorosa orde de inscrición]

Data límite de inscrición **MARTES 2 DE OUTUBRO DE 2018**

APELIDOS

NOME

TELÉFONO

E-MAIL

DNI

ENDEREZO

POBOACIÓN

PROVINCIA

C.P.

OCUPACIÓN

OUTORGARASE CERTIFICADO DE ASISTENCIA

MÁIS INFORMACIÓN

www.interculturalidade.net

comunicacion@ecosdosur.org

T. 881965692 - 698178906 (WhatsApp)



CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE
TRAVESÍA DE MEICENDE 132 - ARTEIXO - A CORUÑA



ORGANIZAN



Servizos Sociais
CONCELLO DE ARTEIXO



www.arteixo.org

www.ecosdosur.org

Xornadas de Sensibilización sobre a Interculturalidade
do Concello de Arteixo

2003 - 2018

16 anos construíndo coñecemento
compartido en torno á diversidade

16^{as} XORNADAS de Sensibilización sobre a Interculturalidade do CONCELLO DE ARTEIXO



«O PODER DAS IDENTIDADES COMPARTIDAS.
INFANCIA, XUVENTUDE E INTERCULTURALIDADE»

4 OUTUBRO 2018

XORNADA TÉCNICA PARA O PÚBLICO INSCRITO
Centro SOCIOCULTURAL DE MEICENDE

11 OUTUBRO 2018

SESIÓNS PARA O ALUMNADO DOS
IES SABÓN, MANUEL MURGUÍA E PASTORIZA

#ArteixoIntercultural

«O PODER DAS IDENTIDADES COMPARTIDAS. INFANCIA, XUVENTUDE E INTERCULTURALIDADE»

#ArteixoIntercultural

Presentación

A mocidade non é soamente o futuro: é o presente! Nas persoas máis novas atópase a clave da convivencia intercultural, e as súas experiencias poden dar respostas innovadoras ao desafío da diversidade nas sociedades complexas. Ao mesmo tempo, a infancia e a mocidade migrante ou racializada pode ser vítima de conflito cultural, problemas de identidade, discriminación e desarraigamento que xeren un porvir de incompreensión e rexeitamento.

- Como poden colaborar as escolas e as organizacións sociais para desenvolver estratexias educativas de relación intercultural que impliquen á mocidade e á infancia?
- Como podemos alimentar o encontro creativo entre os/as máis novos/as?
- Que poden facer as cidades e os barrios para alimentar unha contorna acolledora para a infancia diversa?
- Cales son os achados das novas formas de activismo identitario que está a construír a mocidade racializada?

Nas **XVI Xornadas de Sensibilización sobre a Interculturalidade do Concello de Arteixo** aportaremos material para a reflexión ao redor destas cuestións, abrindo un debate participativo en torno as oportunidades e retos que nos achegan as identidades diversas. Abordaremos a situación da mocidade migrante ou racializada e das identidades compartidas (as mal chamadas segundas e terceiras xeracións), desde o punto de vista educativo, comunitario, do activismo e da afirmación persoal, coñecendo algunhas das experiencias máis exitosas de convivencia e participación a nivel autonómico e nacional.

Persoas destinatarias

A Xornada técnica (4 de outubro) está dirixida a profesionais e estudantes do ámbito social e da educación: persoal técnico de servizos sociais en concellos e entidades, docentes, educadores/as, psicólogos/as, alumnado de FP e Universidade e todas aquelas persoas interesadas. **Para asistir á xornada técnica é imprescindible inscrición previa.**

Inscrición

- A inscrición poderase facer a través da web ou vía e-mail:
- **WEB** (www.interculturalidade.net e www.ticketea.com): cubrir o formulario de inscrición da web e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.
- **E-MAIL** (comunicacion@ecosdosur.org): enviar todos os datos do formulario de inscrición no e-mail e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.
- Nº de conta para facer o ingreso da inscrición:
“la Caixa” – ES76 2100 2725 2802 0003 4085
- No concepto do ingreso especificar “Xornada” e o nome e apelidos da persoa inscrita. A inscrición non estará debidamente formalizada ata que non se faga dito ingreso.
- No caso de superarse o aforo da Xornada técnica e realizarse o ingreso, comunicaráse ao/á interesado/a e farase a devolución inmediata do mesmo.
- Prezo inscrición: **10,00 eur.** [7,00 eur. para estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas que o acrediten]. Inclúe xantar intercultural.
- Capacidade limitada de **100 PRAZAS** [imprescindible inscrición].
- Data límite de inscrición: **MARTES 2 DE OUTUBRO DE 2018.**
- Lugar de celebración: **CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE** (Travesía de Meicende 132. 15140 Arteixo - A Coruña).

Programa

XOVES 4 DE OUTUBRO

- 10:00 h.** **RECEPCIÓN** e **ENTREGA** de documentación.
- 10:30 h.** **ACTO DE APERTURA**, a cargo de **D. Carlos Calvelo Martínez**, alcalde de Arteixo; **Dna. Susana López Abella**, secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia; **Dna. Inés Ramos Álvarez**, concelleira de Servizos So-

ciais e da Área de Benestar Comunitario do Concello de Arteixo, e **Dna. Sandra García Sánchez-Bustamante**, directora da área técnica da ONG Ecos do Sur.

- 10:45 h.** **Identidade e mocidade desde o activismo de xénero.**
RELATORIO. A visibilidade da muller negra na sociedade. **Dna. Artemisa Semedo**, integrante do colectivo Afrogalegas.
- 12:00 h.** **CAFÉ NETWORKING.**
- 12:30 h.** **A cidade, espazo de acollida e de encontro.**
RELATORIO. O caso de Getxo: Conversando sobre a Gobernanza Intercultural (Work in progress). **D. Ekain Larrinaga**, técnico de Inmigración e Interculturalidade do Concello de Getxo.
- 14:00 h.** **XANTAR INTERCULTURAL:** un delicioso encontro entre culturas (incluído no prezo de inscrición).
- 15:30 h.** **CERIMONIA ÁRABE DO TÉ.**
- 16:00 h.** **Alimentando a interculturalidade no eido educativo.**
DINÁMICA. As aforas: Desmontando a islamofobia de xénero co cómic. **D. Pedro Rojo**, presidente da Fundación Al Fanar para o Coñecemento Árabe.
- 17:30 h.** **O poder das identidades compartidas.**
MESA REDONDA. Cruce de camiños: Experiencias do persoal ao comunitario. **SOS Racismo Galicia e Concello de Arteixo.**
 - **Dna. Dienaba Ndjium** (Senegal)
 - **Dna. Hayate Elmallouqui** (Marrocos)
 - **Dna. Nour Boukrou** (Siria)
 - **Dna. Mina Shayan** (Irán)
 - **Dna. Lourdes Suárez** (traballadora social do Concello de Arteixo)
- 19:00 h.** **ACTO DE CLAUSURA.** Espectáculo de artes escénicas e peche.

XOVES, 11 DE OUTUBRO

Sesións didácticas para o alumnado dos IES Sabón, Manuel Murguía e Pastoriza.

A gran festa, unha dinámica en torno á diversidade, o respecto e a interculturalidade. ONGd Ecos do Sur.